

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.12.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.02 h do 05.12.2019 e baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, María del Mar Piñeiro Otero, Antón Lois Noceda Carballo, Marta Pereiro Calvo, Ana Basoa Rioboo e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Antes de comezar a orde do día o alcalde fai uso da palabra para dicir que quere dirixir unhas palabras aos membros da Corporación e ao público que hai no Pleno:

Non me cansarei de pedir perdón e desculpas a todo o mundo e o máis profundo arrepentimento polo dano que puidera haber causado a terceiros. A miña aptitude ese día non foi exemplar pero tampouco merecedora dun linchamento mediático, que se só houbera afectado a miña persoa non me importaría, pero afectou á familia, as persoas máis achegadas ao meu entorno que tiveron que soportar a insistencia dos mesmos sen poder dicir nada. Quero reiterar que segue sendo o mesmo, que tales feitos nada teñen que ver e non deben empañar a xestión pública. A miña sanción, por tal infracción son douscentos corenta e catro días sen carné e seiscentos euros. Non se me impuxo unha pena adicional de inhabilitación para cargo público ou para exercicio profesional, como parece que se pretende nos medios de comunicación e esa pena a maiores, sen contar pola sufrida a miña familia e amigos non a vou cumprir. Como cargo público asumo o meu error e arrepíntome do mesmo e cumpro a sanción imposta, agora ben, tamén levo á reflexión de todo o mundo se os cargos públicos non podemos ter nin un ápice de vida privada. Non fun o primeiro nin serei o último pero manterá unha batalla fronte a quen sexa para romper unha punta de lanza para o mantemento do espazo da privacidade para os cargos públicos e que non se lles someta a unha pena de periódico, radio e televisión máis que calquera outro cidadán na súa vida privada. Solicito que se diferencie a nosa actuación pública da súa vida privada e quen considere que tales condutas deben penarse cunha inhabilitación para o cargo que promovan a reforma da Lei e que non se pretenda chegar a ese resultado utilizando os medios de comunicación e vulnerando a esfera privada das persoas. Non é xustificación, pero estima que condutas públicas máis graves se cometeron por persoas que hoxe están sentadas neste Pleno, pero se algún aspecto positivo debo resaltar deste episodio é a solidariedade, cariño e comprensión dos veciños de Fene, de innumerables cargos políticos de todos os partidos, da familia e dos amigos que sempre están aí. Novamente pido perdón, desculpas e o máis sentido arrepentimento, reiterando que traballarei para que a privacidade dos cargos públicos sexa respectada e non teñamos que cumprir máis sanción que aquela que impón o xuíz e non polos medios de comunicación ou de quen se queira aproveitar dun error para lograr outros fins. Perdón e moitas grazas.

1. Previa ratificación, aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de reclamación á UNED da realización das probas presenciais obrigatorias no centro asociado de Ferrol.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que formula unha cuestión previa ao que saíu nos medios e, como non ten outra nova, pregunta se hai algún cambio nos grupos políticos municipais?.

A continuación intervén a secretaria municipal que di que non afecta a súa condición como concelleiro, pertencendo o alcalde ao grupo municipal do PP. Para pasar a ser concelleiro non adscrito tería que abandonar o grupo municipal ou ben no caso de que a maioría dos concelleiros e concelleiras integrantes do grupo foran expulsados do partido. Como neste caso hai unha persoa que se deu de baixa do partido, aínda que non está comunicado, non se daría a maioría, polo tanto non é o caso.

De seguido intervén o alcalde que xustifica a súa urxencia en que esta petición non deu tempo a incluíla nas correspondente comisión. Trátase dunha petición da Asociación Cívico Cultural Agora para a realización das probas presenciais no centro de Ferrol.

Consta no expediente a seguinte moción que quedou introducida na orde do día logo de ser ratificada a súa inclusión por unanimidade.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: REALIZACIÓN PROBAS PRESENCIAIS NA UNED FERROL

O 18.11.2019 e rexistro xeral de entrada 201999900001276, a Asociación Cívico Cultural Agora Narón, presenta solicitude que transcrita di:

“A/A Ayuntamiento

Como organización sita en Narón, y que entre otros fines busca aportar en la mejora de la comarca, queremos plantearle a este ayuntamiento cuál es la situación actual en Ferrolterra en lo que concierne a la UNED.

Esta Universidad dispone de un Centro Asociado en la zona céntrica de Ferrol; desafortunadamente, este centro no está habilitado para las obligatorias pruebas presenciais, por lo que los alumnos de esta comarca (con una población de más de 150.000 habitantes), se ven obligados a desplazarse a A Coruña para la realización de las mismas, con la consiguiente dificultad y coste económico.

Por ello, creemos conveniente reclamar que se habilite el Centro Asociado de Ferrol para la realización de las pruebas presenciais. Además de facilitar el estudio a los estudiantes de la comarca, seguro que dicha medida ayudaría a aumentar el número de matrículas; y así se lo hemos transmitido al Director del Centro Asociado de la UNED en Ferrol.

Para aunar a todos en la consecución de este objetivo, le remitiremos también esta reclamación a los Ayuntamiento de la comarca para que se unan en la reclamación de esta aspiración mediante la presentación de una moción en el Pleno.

Quedamos a vuestra entera disposición

Jorge Perille Arribe
Vicepresidente

Jose López
Secretario”

Polo anterior, proponse que o Pleno do Concello de Fene acorde:

Primeiro.- Apoiar a reclamación feita pola Asociación Cívico Cultural Agora Narón para que se habilite o centro asociado da UNED en Ferrol, para a realización das probas presenciais obrigatorias.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que comentouse de que esta Proposta quede finalmente como unha declaración institucional de todos os grupos, como espera que así quede finalmente. Di que se trata dunhas demandas moi antigas e pensa que necesarias para Ferrol. Lembra que hai anos foi estudante da Uned, que tivo que ir ás clases á Coruña. Pensa que se se quere manter na Comarca de Ferrol sen que se afunda máis é preciso ter servizos, entre eles poder estudar en Ferrol sen ter que desprazarse. Trátase dunha iniciativa antiga, tamén había outra que tamén lle gustaría que viñese algún día a este Pleno que pedía unha inspección de traballo en Ferrol. O seu grupo apoiará esta declaración institucional.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que o seu grupo apoia aos estudantes que están matriculados na Uned teñan a opción de examinarse na súa zona sen ter que desprazarse a outros Concellos. Sería moi positivo que todas as materias que se poden estudar na Uned teñan a posibilidade de ter as clases de apoio tamén na Comarca. Sería moi positivo seguir ampliando esas posibilidades de estudo, ben a distancia, ben presenciais.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Apoiar a reclamación feita pola Asociación Cívico Cultural Agora Narón para que se habilite o centro asociado da UNED en Ferrol, para a realización das probas presenciais obrigatorias.

En virtude das competencias que lle atribúe o artigo 32 ROM, o alcalde decide alterar a orde do día coa finalidade de tratar de forma consecutiva asuntos con contido semellante.

3. Previa ratificación, aprobación se procede, da Moción do Grupo Municipal Socialista, sobre o estado da antena da Asociación de Radioaficionados "Radio Charlie"

Consta no expediente a seguinte Moción do Grupo Municipal Socialista que quedou introducida na orde do día, logo de ser ratificada a súa inclusión coa unanimidade dos concelleiros:

"MOCIÓN URGENTE QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE O ESTADO DA ANTENA DA ASOCIACIÓN DE RADIOAFICIONADOS "RADIO CHARLIE"

De acordo co previsto no *Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro*, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A) e Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobóo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN URGENTE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Real Decreto 605/1987, do 10 de abril polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e a Orde do 4 de xuño de 1987, do Ministerio de Educación e Ciencia, de modificación do Real decreto 605/1987.Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia
- lei 16/1985, de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español
- Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 19/1983, de 16 de novembro, sobre a regulación do dereito a instalar no exterior dos inmobles as antenas das estacións radioelétricas de afeccionados
- Real Decreto 2623/1986, de 21 de novembro, polo que se regulan as instalacións de antenas de estacións radioelétricas de afeccionado (Art. 12,13,14,15,16,17,18,19,20,21,22)

- Orde IET/1311/2013, de 9 de xullo, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por radioaficionados
 - Art. 18
 - Art. 19
 - Art. 20

ANTECEDENTES

Dende hai anos non se realiza servizo educativo na escola de Magalofes, a cal vén sendo usada por diversas asociacións veciñais de radioaficionados e taxis que precisan da instalación de equipamentos que fagan viable a súa actividade, a cal reporta amplos beneficios á veciñanza a través da colaboración que prestan

- Así pois, o 30 de novembro de 1993, a Presidenta da Comisión de Cultura, Xuventude , Ensino e Deporte, asina a cesión ó CLUBE DE RADIO-AFECCIONADOS "ALFA-CHALIE" para sede desta asociación o local da antiga ESCOLA DE MAGALOFES
- O día 3/12/12 D. Avelino Ramón Vega, en representación de Radioaficionados Fene solicitou licenza de obra (R.E 10733) para a instalación de sistema radiante, composto por torreta metálica e as súas correspondentes antenas que se desmontarán da torreta existentes actualmente no antigo colexio de Magalofes, en solo urbano consolidado para equipamento educativo E. Ed. Eq 76 SL Ed. Xunto con esta solicitude entregouse memoria técnica asociada.
- Autorización de data 14/04/2013 do Xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Con data 17/04/2017 O xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural emite Resolución sobre a intervención que afecta a un ben incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (Expediente :325/13) no que se autoriza as obras de instalación de torre autosoportada de 15,3 metros de altura con tensores solicitada. E establecen como requisitos unicamente que deberán contar coa preceptiva licenza ou autorización municipal
- Con data 10 de setembro de 2013, notificase o acordo do punto 2.2 da Xunta de Goberno Local de data 29/08/2013, con número de rexistro 3624 no se fai referencia os seguintes informes:
 - Informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos Lino Ameneiro Seijo de data 26/02/2013, no que conclúe que se cualifica a obra solicitada como obra maior, e, polo tanto, require da presentación dos correspondentes proxectos básico e de execución e nomeamento de directores de obras
 - Informe nº 183/2013 da Secretaria da Corporación de data 30/07/2013 no que se pronuncia en relación a solicitude de instalación de sistema radiante a nome de Avelino Ramón Vega en representación de Radioaficionados Fene, (*Expediente: 2012/LI005/000307*), destaca que no expediente non consta concesión administrativa a favor de Radioaficionados Fene, polo que deberá requirirse a súa presentación e, de non tela , instruír o correspondente expediente ao efecto con carácter previo. Informa desfavorablemente o outorgamento da licenza solicitada ao non tratarse dun uso compatible coa norma zonal aplicable á parcela onde se pretende colocar.
- Con data 19 de decembro de 2018 presentouse unha moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene para instar ao Goberno Municipal a iniciar a tramitación da desafecção das Escolas Unitarias Municipais sen uso escolar e o acondicionamento das mesmas para o seu uso social, cultural e deportivo, onde se instou ao Goberno a:
 - x 1.- Instar ao Goberno Municipal para iniciar, de inmediato os trámites para desafectar de uso educativo os seguintes inmobles municipais: 1.- Escola Unitaria de Magalofes (Magalofes). 2.- Escola Unitaria de Chamoso (Fene). 3.- Escolas da Fonte do Campo (Fene) 4.- Escola Unitaria de San Marcos (Sillobre). 5.- Escola Unitaria de Peleteiro (Perlío) 6.- Escola Unitaria de Souto Grande (Barallobre). 7.- Escola Unitaria Curros Enríquez (Maniños). 8.- Escola Unitaria da Armada (Maniños).

- x 2.- Instar ao Goberno Municipal para someter á consideración do Pleno do Concello de Fene, antes do mes de marzo de 2019, a desafectación de uso educativo dos seguintes inmobles municipais: 1.- Escola Unitaria de Magalofes (Magalofes). 2.- Escola Unitaria de Chamoso (Fene). 3.- Escolas da Fonte do Campo (Fene) 4.- Escola Unitaria de San Marcos (Sillobre). 5.- Escola Unitaria de Peleteiro (Perlío) 6.- Escola Unitaria de Souto Grande (Barallobre). 7.- Escola Unitaria Curros Enríquez (Maniños). 8.- Escola Unitaria da Armada (Maniños).
- x 3.- Instar ao Goberno Municipal para realizar os trámites, ante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia, antes do 29 de marzo de 2019, para a desfectación de uso educativo dos seguintes inmobles municipais: 1.- Escola Unitaria de Magalofes (Magalofes). 2.- Escola Unitaria de Chamoso (Fene). 3.- Escolas da Fonte do Campo (Fene) 4.- Escola Unitaria de San Marcos (Sillobre). 5.- Escola Unitaria de Peleteiro (Perlío) 6.- Escola Unitaria de Souto Grande (Barallobre). 7.- Escola Unitaria Curros Enríquez (Maniños). 8.- Escola Unitaria da Armada (Maniños).
- x 4.- Instar ao Goberno Municipal para que recupere o estudo realizado no ano 2016 e inicie no ano 2019 un plan de acondicionamento das antigas escolas unitarias do Concello de Fene.
- x 5.- Instar ao Goberno Municipal para que inicie de inmediato, con carácter de urxencia, as obras de acondicionamento máis básicas nas antigas escolas unitarias, nomeadamente iniciar as obras en tellados e cerramentos para evitar as filtracións de auga: tellados e ventanais na escola de Magalofes, tellado na escola Curros Enríquez e Fonte do Campo, ventanais na Armada, etc.

Esta moción foi aprobada por unanimidade polo Pleno Ordinario do 3 de xaneiro de 2019

- Na ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 06.07.2017, no seu punto número 10 " Aprobación se procede , da Proposta da alcaldía da solicitude á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da desafectación do servizo educativo da escola de Magalofes. Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 30.06.2017 por 3 votos a favor (2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (2 do grupo popular, 1 do grupo socialista e 1 do grupo Somos Fene): " Proposta de Alcaldía:".....*Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do servizo educativo da Escola de Magalofes*"
- O día 25 de marzo de 2019, o CLUBE DE RADIO-AFECCIONADOS "ALFA-CHARLIE", presenta no rexistro electrónico una solicitude co número 19013860218 para a reparación das antenas debido o seu estado deficiente e un cambio de situación desta torre. Expoñen neste escrito que as antenas están desaxustadas, e que polo tanto é preciso realizar uns axustes nas bobinas de transmisión e reparación de coaxiais, posto que tanto a auga como a humidade, fixeron estragos nas liñas de transmisión. O obxectivo principal e desmantelar por completo a instalación actual , tanto a estrutura metálica como a parte de formigón, para instalala de novo . A nova situación melloraría a sinal e evitaría problemas co parque infantil que agora esta situado o seu carón.

Dende o día 25 de marzo de 2019, non se ten contestación algunha ao respecto da solicitude anteriormente citada, pese a que o CLUBE DE RADIO-AFICIONADOS "ALFA-CHARLIE", contan coa licenza que outorga o Ministerio de Transportes e Comunicacions necesaria para ter instalada dita antena. O CLUBE DE RADIO-AFICIONADOS "ALFA-CHARLIE" esta debidamente autorizado e as súas actividades están baseadas en intereses na radiotécnica con carácter exclusivamente persoal e sen fins de lucro, aínda que en determinadas ocasións prestan servizos de utilidade pública , xa que teñen recoñecido este carácter de maneira oficial pola colaboración que os seus integrantes presta as autoridades nacionais en circunstancias extraordinarias.

Así pois, a *Lei 19/83* , reguladora, ven dicindo que como elementos indispensables para o funcionamento das estacións radioelétrica de afeccionados, os seus titulares precisan instalar no exterior dos inmobles no que exercen a súa actividade as antenas e compoñentes complementarios. Ademais no seu *Art. 1* establece que aqueles que tiveran obtido a autorización regulamentaria do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacions para o montaxe dunha estación radioelétrica de afeccionados, poderán instalar pola súa conta no exterior dos edificios que usen, antenas para a transmisión e recepción de emisións.

A urxencia deste tema, ven xustificada polo mal estado no que se atopa a actual antena que da servizo tanto ó CLUBE DE RADIO-AFECCIONADOS "ALFA-CHARLIE", como a Radio Taxi, e existe perigo de que en época de vento se poida vir abaixo.

Así mesmo pola necesidade de cumprir o *Art. 19 do Real Decreto 2623/1986, de 21 de novembro, polo que se regulan as instalacións de antenas de estacións radioeléctricas de afeccionado*, recolle que " *O titular da licenza de estación de radioaficionado deberá manter a antena e os elementos anexos en perfecto estado de conservación e subsanará de maneira inmediata os defectos que puideran afectar a seguridade de persoas e bens*".

- O día 03 de setembro de 2019, levouse unha MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE SOBRE O ESTADO DA ANTENA DA ASOCIACIÓN DE RADIOAFICIONADOS "RADIO CHARLIE", en idénticas condicións que esta. No Pleno foi acordado por todos os votos a favor a adopción dos seguintes acordos:
 - Realizar á maior brevidade o inicio do expediente de desafectación da Escola de Magalofes.
 - Realizar á maior brevidade proceda a iniciar o expediente de desafectación de todas as escolas unitarias que se atopan agora mesmo cedidas a entidades pertencentes o Concello de Fene.
 - A tramitación da licenza de obras para proceder a instalación da nova torreta antes do mes de decembro de 2019 e posterior desmantelamento da existente para poder manter o servizo e facer o traspaso en condicións óptimas de funcionamento e de seguridade. A nova situación melloraría a sinal e evitaría problemas co parque infantil que agora esta situado o seu carón.

POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO:

O Grupo Municipal Socialista no Concello de FENE somete a votación a seguinte MOCIÓN URXENTE para aprobar as seguintes propostas :

- 1.- Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade proceda a iniciar o expediente de desafectación da Escola de Magalofes
- 2.- Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade proceda a iniciar o expediente de desafectación de todas as Escolas unitarias que se atopan agora mesmo cedidas a entidades pertencentes o Concello de Fene.
- 3.- Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene a tramitación da licenza de obras para proceder a instalación da nova torreta e posterior desmantelamento da existente para poder manter o servizo e facer o traspaso en condicións óptimas de funcionamento e de seguridade. A nova situación melloraría a sinal e evitaría problemas co parque infantil que agora esta situado o seu carón.

Fene a 2 de decembro de 2019.

Mar Piñeiro Otero

32.657.772 A

Voceira do Grupo Municipal Socialista do PSdeG-PSOE do Concello de Fene"

Abre o debate a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que novamente estase en decembro e por este motivo volve presentar esta Moción que xa se presentou hai dous meses. No seu día houbo un compromiso por parte do goberno de que en decembro íase ter solucionado este tema e comprobou que estase exactamente igual que hai dous meses. Por iso, lémbrelle ao goberno algunha data super importante e dá lectura da Moción. Esta Asociación no pode dar cumprimento ao establecido no artigo 19 do Real decreto 2623/1986 porque dende o Concello non se dá trámite dende o ano 2017. Pensa que é hora de que isto se poida levar a cabo. Pensa que agora que están presentes os membros da Asociación neste Pleno sería convinte que se adoptase este compromiso e se lle dese diante a tramitación da solicitude de 2017. Se segue a haber estes temporais e se hai algún tipo de problema gustaríalle saber quen será o responsable?, se se lle vai pedir responsabilidade á Asociación ou será unha responsabilidade do Concello por non ter feito, por non ter escoitado ou non ter cumprido o que se trouxo aquí hai uns meses?. Gustaríalle hoxe, aquí e agora o goberno fixera un compromiso de que estes rapaces teñan a semana que vén esta autorización para proceder ao cambio desa torreta.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que, segundo dixo a voceira do grupo municipal Socialista, na acta do Pleno do 06.07.2017, no seu punto 10, aprobouse unha moción para a desafección da escola de Magalofes. Neste momento todos os permisos e informes eran favorables e o problema era o estado do poste que suxeita á antena. Non houbo forma e isto non saíu adiante. O 03.09.2019 houbo unha moción urxente neste Pleno no que toda a Corporación comprometeuse a sacar este asunto cara adiante, falouse dun prazo de que tiña que estar listo antes de fin de ano. Estase en decembro e os trámites están sen facer. Pensa que a deixación de funcións do goberno é evidente. O seu grupo votará a favor desta Moción porque pensa que é de xustiza.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que lle resulta curioso que o que o partido Popular aprobou o 03.09.2019 era a mesma proposta do 06.07.2017, o que sucede é que no 2017 estaba o BNG e EU no goberno e no 2019 está o partido Popular. O que non quixo cando estaba na oposición o quixo cando estaba no goberno. Benvido sexa, non obstante, continúaase sen traballar, pois o acordo de setembro marcaba un prazo, antes do fin de ano, e quedan algo máis de vinte días e se segue sen ter documentación ou trámite algún feito. Gustaríalle pedir un compromiso en serio para sacar isto adiante e anuncia que votará a favor da Moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o seu grupo votará a favor, igual que votou en setembro, deixando claro a distinción dos momentos que salientou a voceira do grupo Mixto municipal. Aquela proposta que non saíu adiante non saíu adiante polos votos do partido Popular, senón que o partido Socialista e Somos Fene tampouco apoiaron aquela proposta. Daquela, o seu grupo manifestou o mesmo que en setembro, que non se pode facer única e exclusivamente a desafectación da escola de Magalofes. Entón o alcalde, o señor Trigo, tamén se comprometeu a desafectas dous escolas máis, a de Fonte do Campo, usada por catro asociacións e a de San Marcos que dende 2008 hai un negocio de hostalaría. Esta era a opinión que mantiñan e o que esta a facer o goberno, establecéronse os trámites e recoñece que a día de hoxe non están. Anuncia que o seu grupo apoiará a Moción e que se iniciarán os trámites conxuntos das escolas, o que non supón ningún atraso para esta, e mantén o compromiso para a escola de Magalofes para que se poidan facer as obras para manter en perfecto estado da telefonía móbil, non só dos radioaficionados ou dos taxistas, senón que tamén do servizo que lle dá a nivel institucional nas carreiras, que sempre están aí. A vontade do goberno é toda, ao mellor non se están a cumprir os tempos pero os trámites está iniciados e espera que en breves poidan estar desafectadas as tres escolas.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que unha cousa é a desafectación, que pode implicar algún trámite, e outra cousa é o cumprimento do artigo 19 do Real decreto 2623/1986. Este artigo, que volve ler, porqué o Concello non autoriza o cambio da antena cando xa existe, porque está en malas condicións e ao lado dun parque infantil onde pode caer?, por que se retrasa a concesión da licenza para cambiar algo que xa existe?, xa que non é un elemento novo que precise un estudo. A torreta existe, non hai ningún tipo de problema en cambiala, é máis, a Asociación é sumamente elegante co goberno de Fene, fixeron unha solicitude da licenza porque ten unha concesión dunha escola, pero este artigo obrígalles a cambiar a estrutura porque só eles son responsables dos danos que poidan causar no caso de que caia a antena. Parécelle que aquí algo falla, porque isto leva dende 2017 e trátase de algo coñecido sobradamente por este Pleno. O outro día os voceiros e o alcalde falaron no corredor cunha funcionaria para traer este asunto ao Pleno e informalo positivamente, non había ningún tipo de problema e por iso non sabe porque hai tanto problema e vólvese atrás co tema das desafectacións das escolas. Estase a falar de dúas cousas, por un lado as desafectacións e por outro a asociación ten o consentimento de todos os órganos que Fene lle pediu solicitar agás o do propio Concello. Cal é o problema para que estes rapaces non poida substituír unha antena que xa está colocada e está facendo a súa función para substituíla por outra?.

A continuación intervén o alcalde que di que este non é un problema novo e pensa que a escola de Magalofes e o parque estaban aí antes que a antena. Outra cousa é que a antena se montase e que estea prestando un servizo. Recomendalle á voceira do grupo municipal Socialista que mirase o expediente para darse conta de que está fóra de ordenación. O goberno está a dicir que vai facer todo o posible para que isto saia adiante e teña licenza. Previamente ao outorgamento da licenza hai que facer a súa desafectación, xa que é un ben protexido por Patrimonio. Pensa que o goberno está a facer todos os trámites, outra cousa é que se queira correr un pouco máis e que non se poida.

Volve a manifestar que a vontade está aí, pero o expediente tamén está aí. Hai que tramitar o expediente tal e como o hai que tramitar e o goberno está a seguir o marcado. É evidente que o artigo está aí, que os responsables son eles, que a terán que ter en perfecto estado, pero tamén hai que mirar un pouco máis para atrás.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que pregunta que se fixo dende setembro ata agora?, pois quedaron en que estes rapaces ían poder cambiar a antena antes de decembro.

A continuación intervén o alcalde que di que non, que quedouse no que dicía a moción de setembro, que non ten aquí agora.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que aquí se tomou un acordo por maioría de que en decembro Fene ía ter ese expediente andando e que se ía traer ao Pleno. Tamén se ía traer hoxe ao Pleno e non se trouxo.

De seguido intervén o alcalde que di que se estaba falando da desafectación e non da licenza. Coa desafectación, como ben dixo a voceira de EU, séguese mantendo o compromiso de traela antes do 31 de decembro e hai comisión antes desa data, á que procurarán levala.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que o expediente de desafectación xa tiña que estar, quedouse en que viña a este Pleno, porque falon a semana pasada disto, que estaba informado positivamente para incluílo neste Pleno e non se fixo. Iso foi no que se quedou no corredor do segundo andar deste Concello, os voceiros da oposición e vostede (polo alcalde). Falon coa funcionaria responsable que dixo que non había ningún problema, que só había que incluílo no Pleno e así llo pediron. Por iso pregunta, cal é a vontade deste goberno, retrasar isto máis?, deixalo para o ano que vén?. Di que non chega con ter vontade, houbo tempo suficiente. Dixo que a antena está fóra de ordenación pero existe. O que está fóra de ordenación ten a posibilidade de mantemento, de substituír aquilo que está mal. Está a mezclar, cando lle convén, o de fóra de ordenación e, cando non lle convén, o da desafectación. A asociación ten unha concesión de uso e desfrute desa escola para un fin, fin que non van poder levar porque a antena vai caer, co cal estase dando voltas sobre o mesmo e pide cambiar a situación e facer algo positivo.

Seguidamente o alcalde fai uso da palabra para repetir que o compromiso está aí e non é o mesmo a nova licenza para un novo soporte que a conservación e mantemento. Para o outorgamento da licenza se esixe a desafectación da escola e sobre isto pensa que todos están de acordo.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que preguntalle ao alcalde que lle impide facelo, xa que dende setembro a decembro aínda non se fixo?. Cal é o problema para que non se fixera?. Preguntou na Comisión e contestóuselle que non se había comezado. Cando se comezou entón novo expediente de desafectación?.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non lle sorprende as cousas cando non interesa e como se desvían as cousas. Este expediente ten unha cousa clara, dende 2017 non hai ningunha demanda das asociacións de obras concretas que queiran facer en outras escolas. Aquí hai unha demanda concreta dunha asociación para o mantemento dunha antena, non se está a falar dunha obra do tellado que ten que facer o Concello, estase falando deste tema concreto que leva máis de dous anos concretos parado. Se non houbo demandas dos demais, sábese que hai un informe favorable de Patrimonio e todos os informes son favorables. Só hai que tramitar a licenza, aínda que sexa provisional para o mantemento desa antena, por iso débese dar esa licenza antes de que veña un temporal, tire a antena e lesione a alguén. Se isto ocorre, verase quen é o responsable pola falta de traballo do goberno. É certo que o alcalde comprometeuse cos grupos que hoxe viría ao Pleno e non veu.

A continuación intervén o alcalde para dicirlle ao voceiro do grupo municipal do BNG que é verdade.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere matizar o dito polo alcalde de que no Pleno de setembro non se comprometeu a tramitar a licenza antes de decembro.

A continuación intervén o alcalde que dixo cumprir a moción.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que un dos puntos do acordo do mes de setembro foi a tramitación da licenza de obras para proceder á instalación da nova torreta antes do mes de decembro de 2019. Se entre tanto a torreta cae e lesiona ou mata a calquera, quen é o responsable?. Sería bonito logo vir aquí e pedir desculpas, pero non é o caso, entende que hai que traballar e pensa que catro meses é tempo máis que suficiente para iniciar un expediente.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que pregunta se habería algún problema en outorgar esa licenza provisional para facer o cambio da torreta?. Hai vontade política do goberno para outorgala mentres se fai paralelamente a desafectación para poder cambiar a torreta?. Hai vontade política para tramitar esta semana que vén a licenza para cambiar a torreta?.

Contéstalle o alcalde que vontade política hai, pero os trámites son os trámites. Unha cousa é o expediente administrativo e os informes técnicos e outra a vontade política.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que pregunta se hai vontade política para xestionar o cambio desa antena que leva esperando dende 2017?. Contéstalle o alcalde que hai vontade. A voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, preguntalle ao alcalde se se compromete a tramitar a licenza a semana que vén e facer todos os trámites posibles para que a antena se poida cambiar?. Contéstalle o alcalde que sempre e cando os servizos administrativos deste Concello estean habilitados ou teñan o material suficiente para o outorgamento da licenza, si. A continuación a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, pídelles ao alcalde que lle explique o do material. Contéstalle o alcalde que se trata dos informes técnicos e xurídicos. A continuación a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, rógalles ao alcalde que pida a tramitación e concédalles á asociación a licenza para o cambio desa torreta. Outras cousas se fixeron máis rápido e non houbo ningún problema, só fai falta vontade política e seguir o expediente ata que se tramite, porque dende 2017 xa vai tempo abondo para outorgar a licenza.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1.- Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade proceda a iniciar o expediente de desafectación da Escola de Magalofes**
- 2.- Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene para que á maior brevidade proceda a iniciar o expediente de desafectación de todas as Escolas unitarias que se atopan agora mesmo cedidas a entidades pertencentes o Concello de Fene.**
- 3.-Instar, novamente ao Alcalde do Concello de Fene a tramitación da licenza de obras para proceder a instalación da nova torreta e posterior desmantelamento da existente para poder manter o servizo e facer o traspaso en condicións óptimas de funcionamento e de seguridade. A nova situación melloraría a sinal e evitaría problemas co parque infantil que agora esta situado o seu carón.**

A continuación intervén o alcalde que propón tratar conxuntamente os puntos 2 e 4.1 da orde do día ao ter un contido semellante, conforme dispón o artigo 32 ROM e que se relacionan a continuación e que quedan introducidos na orde do día logo de obter a súa ratificación por votación unánime do Pleno.

2. Previa ratificación, aprobación se procede, da Moción do Grupo Municipal Socialista, para reprobación do equipo de goberno local de Fene.

Consta no expediente a seguinte Moción do grupo municipal Socialista:

“MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE FENE PARA A REPROBACIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO LOCAL DE FENE

De acordo co previsto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locales (ROF) e no Regulamento Orgánico do Concello de Fene, aprobado o 6 de marzo de 2008, o Grupo Municipal Socialista do Concello de FENE, composto pola voceira, Mar Piñeiro Otero (32.657.772 A) e Marta Pereiro Calvo (32.717.286 V), Ana Basoa Riobóo (32.653.542 M) e Antón Lois Noceda Carballo (32.649.345 V), desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN URXENTE.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Segundo a normativa, LRBRL, TRRL e ROF, é competencia do Alcalde:

- Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello, Ordenanzas e Regulamentos municipais.
- Dirixir o goberno e a administración municipal e, no marco do Regulamento Orgánico, a organización dos servizos administrativos da Corporación.
- E ademais como é unha das competencias do Pleno
- O Control e a fiscalización dos órganos de goberno (incluída a votación sobre a moción de censura ao Alcalde e sobre a cuestión de confianza exposta polo mesmo.)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a constitución da actual Corporación Local en data 11/07/2019, a actividade do equipo de goberno do Partido Popular estas a caracterizar en liñas xerais pola desidia e o deixamento, desatendendo importantes obrigacións, algunhas delas graves e inxustificables, que motivan a presente moción de reprobación:

1. PASIVIDAD E INOPERANCIA NAS ÁREAS DE GOBIERNO:

- Deficiente mantemento do concello en xeral, a pesar das múltiples e reiteradas denuncias e peticións formuladas polos cidadáns de Fene e os propios grupos municipais.
- Perda de subvencións públicas.
- Falta de presentación de Orzamento Xeral de 2020 aos grupos de oposición.
- Negativa a dar conta dos documentos relacionados cos expedientes extraxudiciais.
- Falta de control por parte do equipo de goberno sobre o correcto cumprimento das obrigacións recollidas nos contratos e a nula adopción de medidas correctoras naqueles casos nos que existisen incumprimentos.
- Ausencia de vixilancia e fiscalización dos recursos municipais, tanto materiais como humans

2. INEXCUSABLE INCUMPRIMENTO DE ACORDOS DO PLENO, COMO ÓRGANO DEPOSITARIO DA SOBERANÍA POPULAR:

- Incumprimento inxustificable das mocións aprobadas polo pleno que son competencia do concello, incluso algunhas apoiadas polo propio Partido Popular, entre outras as seguintes:
 - Moción urxente que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre o estado da antena da asociación de radioaficionados " RADIO CHARLIE" (19.06.30)
 - Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre a política do Goberno Galego en relación ao comenzo do curso escolar (19.06.30)
 - Moción urxente que presente o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre o subministro de auga pública na parroquia de Magalofes (19.06.30)
 - Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista de Fene sobre a política do Goberno Galego en relación aos danos producidos pola xabaril (19.09.23)
 - Moción urxente que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre a falta de médicos especialistas no Centro de Especialidades de Fene e Maniños (19.10.02)
 - Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre a falta de profesorado que presta atención á diversidade no CEIP Plurilingüe o Ramo (19.10.23)
 - Moción urxente que presenta o Grupo Municipal Socialista do Concello de Fene sobre as deficiencias da piscina municipal (19.11.04)
 - Falta de traballo nas exposicións dos temas que se están a tratar nas Comisións Informativas, incumprindo sobradamente a Lei de Bases de Réxime Local.

3. FALTA DE TRANSPARENCIA E OBSTACULIZACIÓN AO LABORA DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DA OPOSICIÓN:

- Omisión do deber de entrega de proxectos ou documentos sobre contas e orzamentos municipais correspondentes ao ano 2019-2020 impedindo o labor propio de control do estado económico do municipio a cargo dos grupos municipais.
- Incumprimento da lei de Transparencia así como o seu Portal de Transparencia na páxina Web.
- Ausencia de resposta as peticións de información e documentación, por parte dos diferentes grupos municipais realizadas nos Plenos. As preguntas deben ser respondidas ao momento ou no seguinte Pleno. Non responderon ningunhas das preguntas ou rogos efectuadas nos distintos Plenos realizados ata o momento.

4. IRREGULARIDADES E INEFICIENCIAS NA CONTRATACIÓN E DIRECCIÓN DO PERSOAL DO CONCELLO:

- Incumprimentos de acordos relacionados en materia de persoal.
- Falta de creación de prazas e bolsas de emprego.
- Falta de negociación colectiva e procesos de selección en materia de persoal.
- Falta de expedientes de promoción vertical.
- Incumprimento de acordo sobre a incorporación dun representante de cada partido da oposición nas mesas de contratación.

5.- CONDENA POR UN DELITO CONTRA A SEGURIDADE VIAL

- Insuficiencia das explicacións dadas polo actual Alcalde do Concello de Fene, ate agora en relación coa súa condena por un delito contra a seguridade vial. Insuficiente é a su baixa no Partido Popular para normalizar o traballo na corporación, sendo imprescindibles adoptar novas medidas de rexeneración da vida institucional.

O Grupo Municipal Socialista no Concello de Fene consideran que as deficiencias listadas supoñen un serio prexuízo ao interese social municipal, que son inaceptables e que é necesario que se corrixa inmediatamente. En caso contrario, os/as concelleiros asinantes resérvanse a adopción doutras medidas que garantan o bo goberno e funcionamento do noso concello.

Por tanto, proponse ao Pleno subscribir os seguintes

ACORDOS

1. Reprobar serveramente a xestión do Equipo de Goberno Local para reconducir sen máis demora a actual situación que sofre a corporación municipal e o municipio.
2. Esixir ao equipo de goberno a adopción das medidas necesarias para cumprir coas súas obrigacións, corrixiendo inmediatamente as deficiencias listadas.
3. Corrixir os procedementos para a execución da contratación que se están a desenvolver e realización de procedementos e instrucións internas para a súa realización.
4. Dimisión do Alcalde do Concello de Fene, pola súa condena, relacionada por un delito sobre a seguridade viaria e pola súa pasividade e inoperancia nas diferentes áreas de Goberno. A dimisión do Alcalde do Concello de Fene e unha obriga cívica, como consecuencia da necesaria asunción de responsabilidades.
5. Que se publique na Web municipal esta moción de reprobación.

Fene, 02 de decembro de 2019

Mar Piñeiro Otero

32657772A

Voceira do Grupo Municipal Socialista do PSdeG-PSOE do Concello de Fene"

4. Mocións urxentes

4.1 Aprobación, se procede, da Moción dos grupos municipais do BNG e IU-EU de reprobación do goberno local e petición de dimisión do alcalde de Fene, Gumersindo Galego Feal.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción urxente:

“Juventino Trigo Rey 76404053P portavoz do BNG no Concello de Fene e M^a Carmen Martínez Rodríguez 32641171P, portavoz do GM IU-EU, presentan a seguinte Moción Urxente para o seu debate e toma en consideración por parte do Pleno;

MOCIÓN DE REPROBACIÓN DO GOBERNO LOCAL E PETICIÓN DE DIMISIÓN DO ALCALDE DE FENE GUMERSINDO GALEGO FEAL

Exposición de motivos

Os concellos son peza fundamental na organización administrativa de Galiza. Son a administración máis próxima á veciñanza, e teñen competencias básicas que garanten o benestar do pobo. Dende o ano 1979 as corporacións son electas democráticamente por sufraxio universal en listas pechadas . A corporación electa cada catro anos xura ou promete o cargo; e este feito implica no cargo público unha obriga de cumprir e facer cumprir os acordos, normas e leis.

Dentro deses dereitos e obrigas dos membros da corporación a alcaldía ten uns específicos, propios do cargo sendo un órgano en si mesmo á hora de ditar resolucións, bandos, aprobar gastos, presidir o Pleno e actuar en representación do municipio, entre outros.

Desde o inicio do presente mandato o pasado 15 de xuño, observamos con preocupación como o goberno municipal está paralizado, actúa errático e sen dirección. Perderon varias subvencións, algunhas delas que nin foron conscientes da súa existencia, por citar algunha; a subvención a Concellos da Diputación da Coruña para a realización de actividades en materia de medio ambiente durante o ano 2019, a subvención do programa “ o teu Xacobeo” da Xunta de Galiza para promocionar o Camiño ou a solicitude das actividades que desenvolve o Fondo Galego de Cooperación que no se presentaron en prazo; ademais de por en risco o propio POS 2020 que a día de hoxe está sen aprobar.

Contan cun orzamento para este ano 2019 feito por vostedes no mandato anterior con maioría absoluta, e descubrimos en setembro pasado que estaban sen fondos para actividades comprometidas como a Festa Mariñeira ou Deporte na Rúa. En outubro vimos con sorpresa que o seu orzamento non chegaba para pagar o gasóleo dende maio. Logo de resolver a situación propoñen modificacións de creto para pago de facturas das que non dan explicación algunha; en definitiva unha xestión orzamentaria sen control, nefasta e escurantista.

En canto ao seu xeito de entender as súas funcións, temos que lembrar que os acordos Plenarios acadados co voto de todos os grupos deben ser de obrigado cumprimento, e máis aqueles, como o expediente para a desafectación do servizo educativo da escola de Magalofes e a posterior substitución da antena que nela se atopa, á que se comprometeron traer a este Pleno.

Coa súa negligente actuación demostraron ser irresponsables, non coa oposición, senón cos veciños e veciñas de Fene.

A esta situación de parálise, sen traza de orzamentos para o ano 2020, sen información da revisión de PXOM, sen capacidade de xestionar o básico como o servizo de augas, a limpeza viaria, ou a recollida do lixo; a xestión do persoal, cun deterioro total das relacións laborais dentro do Concello, temos que engadirle unha situación excepcional: a comisión dun delito por parte do rexedor.

Un delito penal, con sentenza firme contra a seguridade viaria. O simple feito de saltarse a súa promesa de cumprir as leis debería implicar a súa inmediata dimisión. Non falamos xa que logo dunha cuestión administrativa, non falamos dun conflito de intereses entre dous dereitos diferentes que poidan colidir. Falamos dun delito penal contra a seguridade viaria, a condución baixo os efectos do alcol nas rúas do concello que dirixe, superando en máis de tres veces o máximo legal permitido. A propia DXT indica no seu informe de 2018 que o 43% das mortes en accidentes de tráfico debéronse a conducir baixo os efectos do alcol ou outras drogas.

Ser inconsciente de conducir baixo os efectos do alcol, tal e como declarou publicamente, lévanos a pensar en cantas decisión ten tomado nesas circunstancias.

Todo isto fai que perdamos toda confianza no seu xuízo. Isto deberíao levar a reflexionar se nestas condicións paga a pena atrincheirarse no cargo.

Os grupos municipais do BNG e do Grupo Mixto EU-IU entendemos que o alcalde debe dar exemplo, ter unha conduta ao nivel co cargo que ostenta e non antepor os intereses persoais aos da institución á que representa.

Afirmou publicamente que deixara o PP para no prexudicalo, entón queda de Alcalde para prexudicarnos aos veciños e veciñas de Fene?

Afirmou publicamente que non era consciente de triplicar a taxa de alcol permitido, incluso negou este extremo na radio municipal, cando é público que superou a taxa en máis de tres veces o polo tanto a Garda Civil denuncia por cometer un delito.

Afirmou que se pasas a ser non adscrito, colocándose vostede no limbo da política; ese espazo creado para tráfugas, expulsados e agora para que incumpren a lei.

Ten ante si a oportunidade de saír con certa dignidade do posto, ten a opción de que isto pase axiña e de que o Concello de Fene saia nos medios pola boa xestión, por transformar a sociedade, por innovación e en definitiva por mellorar a calidade de vida do noso pobo e non por lamentables sucesos como os que o alcalde actual ten protagonizado.

Por todo o exposto o GM do BNG e GM Mixto EU, solicitamos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Reprobar a xestión deficiente e negligente do goberno municipal encabezado polo alcalde Gumersindo Galego Feal en relación ás materias de facenda, promoción económica, servizos e benestar social con perdas de subvencións, incumprimentos de acordos plenarios, omisión da legalidade en materia de contratación e de persoal entre outros.

2.- Esixir do Alcalde Gumersindo Galego Feal a inmediata dimisión pola súa condena por un delito contra a seguridade viaria, e a súa actitude, moi distante do que se agarda da persoa que ostenta a alcaldía.

3.- Dar conta deste acordo á dirección política do PPdeG nomeadamente ao seu Presidente Alberto Nuñez Feixoo e o seu Secretario Xeral Miguel Ángel Tellado.

Fene, 3 de decembro de 2019

Asinado polas portavoces do GM do BNG e o GM EU-IU"

Abre o debate a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que dá lectura á súa moción. Di que o alcalde iniciou este Pleno pedindo perdón e, dende a oposición, é a primeira desculpa que lle escoitan. Durante este tempo mantiveron distintas reunións, reunións nas que asistiu o alcalde e outros membros da Corporación e en ningún momento pediu perdón. Está moi ben que pida perdón á xente que vén ao Pleno hoxe, é certo que hai que respectar a vida privada dos políticos, pero é verdade que hai que respectar a vida de todos. Unha persoa pódese equivocar, todos teñen dereito a equivocarse, pero tamén hai que respectar aos demais. Cree que está ben que o alcalde pedise perdón hoxe aquí pero cree que os que están hoxe aquí sentados tamén deberían recibir ese perdón durante todo ese tempo antes de chegar aquí hoxe. Por iso, o seu grupo presenta esta Moción, xustificando non só a condena, senón con catro puntos máis o que é o procedemento de traballo do actual goberno de Fene. Con isto, fai público e explica todos estes puntos porque pensa que é importante saber o por que da Moción anterior está incluída nesta. Se o seu grupo presenta hoxe unha moción que xa presentara en setembro forma parte da moción que se está a tratar agora. Non é só unha comprobación dun acto por unha condena senón polo traballo feito nestes meses.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que primeiro quere explicar porque o seu grupo presenta por urxencia esta Moción ao Pleno. A urxencia vén dada pola transcendencia dos feitos coñecidos estes días, xa que cando soubo do acontecido xa se convocaron as comisións e algunha xa se realizara. Ao mesmo tempo tiveron que esperar a ver a orde do día deste Pleno por se había unha dimisión do alcalde ou por se había novos incumprimentos do alcalde e o seu goberno, como así foi co compromiso de traer ao Pleno o expediente da escola de Magalofes. Tamén quedou pendente das explicacións que o alcalde dixo na prensa que ía dar na Xunta de Voceiros para contarlles o que ocorreu pero tampouco o fixo. É dicir, o seu grupo esperou todo o que podía esperar para intentar escoitar algún tipo de xustificación ou, cando menos, a información para que non fose coñecida pola prensa. Dille ao alcalde que estivo moi

ben a súa alegación do principio pero ten que ter en conta unha cousa, que as verdades a medias non son boas, porque a prensa é moi mala e todos saben que confían o xusto, pero quen dixo á prensa que ía pasar a concelleiro non adscrito foi vostede, non foi a oposición, e quen dixo na prensa que se daba de baixa do partido foi o partido Popular, un dirixente provincial foi o que notificou que vostede estaba de baixa. Moitas veces cando se din verdades a medias poden traer estes malos entendidos. A continuación o voceiro do grupo municipal do BNG dá lectura da súa Moción. Prosegue dicindo que piden isto por varios motivos, entende o da Lei natural, pero non é precisamente o partido Popular para pedir isto, porque en agosto de 2019 dixo literalmente que "os cargos públicos tenemos la obligación de dar ejemplo día a día y triplicar la tasa de alcoholemia no es precisamente un buen ejemplo para los vecinos de nuestro pueblo que no nos merecemos ver al alcalde entrar en un juzgado por haber cometido un delito de manera consciente y pensando que saldría indemne, ni que el Concello, en este caso, ocupe portadas de periódicos por un hecho que nos avergüenza a todos". Di que pode seguir lendo declaracións de membros do partido Popular cando isto ocorre con outros alcaldes doutros partidos políticos. Ten máis casos doutros alcaldes que dimitiron cando isto ocorreu. Á marxe argumentario que non entende pensa que se foi bastante paciente e dille ao alcalde que vostede ocultase isto, que non comentase nada cos voceiros dos partidos e que todas e cada unhas das actuacións as soubesen pola prensa pensa que non deixa nun bo lugar a súa maneira de actuar. Por iso presenta esta moción hoxe ao Pleno.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que fará un breve resumo que se centrará máis en cuestións de traballo. Lémbrale ao alcalde que cando estaba na oposición pleno tras pleno lles criticaba (ao anterior goberno) polo contido dos plenos cando o contido dos plenos que convoca agora deixa moito que desexar, porque non vén absolutamente nada, así hoxe, por exemplo, so hai mocións. Houbo modificacións de crédito que foron a comisión pero non se trouxeron ao pleno e deberían vir, o que pasa é que vostede contaba que a oposición ía votar en contra e non quere que a veciñanza saiba nin os motivos nin por que ían votar en contra. O contido dos plenos é escaso e lamentable. No accidente dos dous traballadores da motobomba houbo unha xestión desastrosa, hoxe pola mañá houbo unha reunión do Comité de Seguridade e Saúde e a xestión é desastrosa e nula. Outra xestión que quedou de facer, vai facer dous anos, era pór inmediatamente a funcionar o punto limpo; hai un ou dous plenos admitiu que non se fixo xuntanza nin traballo ningún e segue a esperar por un alcalde que non sabe se se vai apuntar ou non. Un tema que lle preocupa moito é o acoso laboral que se produce a traballadores e traballadoras no Concello, algo que se tratou esta mañá no Comité de Seguridade e Saúde e a voceira do grupo municipal do PP non dixo nada. Hai un traballador que leva a esperar seis ou oito meses que se lle conteste a dous escritos nos que manifestaba todo o que consideraba acoso laboral á súa persoa e o non contestarlle tamén é acoso, xa que é facerlle un vacío a esa persoa, repercute na súa saúde a nivel psicolóxico e produciu que este e tamén outro traballador estivesen de baixa moito tempo. Séguese sen contestarlle e segundo o escoitado pola mañá pensa que non hai moita intención de contestarlle. Parécelle lamentable porque no escrito deste traballador consta nomes e apelidos dos concelleiros e concelleiras polos que se sente acosado, polo tanto, dille ao alcalde, que como máximo responsable debe revisar ese expediente, falar co traballador e tomar cartas no asunto; se non o fai é porque está de acordo en que sexa sometido a acoso. Respecto da baixa do PP para non prexudicar ao partido non a entende, se considera que coa súa aptitude prexudica ao partido entenderá tamén que prexudica á veciñanza, pero vese que isto non lle preocupa moito e non sabe se a baixa a pediu vostede ou lla fixeron pedir. Respecto da vida privada está totalmente de acordo, pero para todos. O que acaba de ler o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, son declaracións de xente do seu partido. Dille ao alcalde que ten dereito á vida privada pero non esqueza que tanto o alcalde, a alcaldesa, os concelleiros ou as concelleiras o son as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días ao ano. Se ocorre calquera desgraza, un incendio ou calquera cousa e nos teñen que chamar ás 03.00 h nos chaman, e chaman porque son concelleiros todo o tempo. Considera que a infracción de tráfico foi a guinda que se veu sumar a todo este desastre de falta de traballo e de previsión. Para que a xente o saiba, porque é lamentable que non haxa xente nos plenos como hai hoxe, para que a xente saiba o que ocorre de verdade no Concello, para mover un colector uns metros pasaron oito meses, tivo que vir aquí un veciño a chamarlles a atención por este tema, logo de presentalo por rexistro e vir ao Concello a falar con todos os concelleiros que atopou polo corredor e, logo de vir ao Pleno, ao día seguinte se foi facer algo que non tiña nin custe económico nin custaba absolutamente nada. Se para cousas sinxelas que non precisan cartos, nin case ningún tipo de esforzo pasan oito meses, pregúntase que se fará coas cousas como o da antena que hai que mover papeis. Do tema das marquesiñas xa nin fala, hai algunha que leva máis dun ano pedindo que se lle cambien os cristais. Hai facturas que non hai nin por onde collelas, algunhas incluso presentan datas duplicadas. Para rematar dille ao alcalde que por moito menos, asegura que o partido Popular argallou unha moción de censura, o fixeron sen

xustificación ningunha porque non había nada de todo isto. Vostede pediu a reprobación do alcalde Juventino Trigo por unha subvención perdida que nin sequera foi cousa del senón que foi cousa doutro concelleiro que logo asinou con vostede aquela moción de censura, un dos seus compañeiros tráfugas. Dille ao alcalde, que por este único motivo pediu a reprobación e pediu a dimisión do señor Trigo en todos os plenos que quedaron, quen, sen ser el quen perdeu a subvención asumiu as consecuencias e chamouse á culpa. Hai algo que lle parece moi reprochable, parécelle moi lamentable que cando a oposición fala se vexan caritas e xestos ou se escoiten risas, o que lle parece unha falta de respecto; unha cousa é que xorda unha risada xeral e outra cousa é que cando interveñen os membros da oposición haxa "jijiji ou jajaja" ou "non sei que ou non sei canto", por iso dille ao alcalde que é el quen ten que pedir e poñer respecto. Dille ao alcalde que sempre dixo, cando ía algunha cousa do Concello ao Xulgado que había que acatar a Lei e vostede a incumpriu. Por iso, considera que por ética, ademais de que isto xa non dá para máis, é gravísimo toda a falta de traballo, a falta de cartos que non saben onde van e o resto de cousas que os tres grupos da oposición acaba de nomear, está por encima de todo o demais.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocio Aurora Bértoa Ponte, que di que as dúas mocións van pola mesma liña. Comezando pola moción presentada polo partido Socialista que reproba, en primeiro lugar, a todo o goberno do PP pola pasividade, polo deficiente mantemento do Concello en xeral a pesar das múltiples denuncias di que as reivindicacións dos veciños estábanse a producir maiormente na Área de Servizos e pensa que tanto o concelleiro como o traballador responsable desta Área teñen unha resposta inmediata; aquí cabería o que é a colocación de espellos, desbroces, limpeza viaria, pintados, reparacións dalgún camiño e demais. Todo non se pode facer nun ano pero o ritmo de traballo e atención é impresionante, ás máquinas non paran de traballar e de facerse cousas e, se non se fai máis é porque o tempo non acompaña. Falouse de perda de subvencións e de falta de presentación do orzamento 2020 ao que di que a lexislatura comezou en xullo de 2019, é certo que o goberno comezou en abril de 2019 pero no medio o goberno presentou dous orzamentos, un no 2018 que se aprobou e estivo en vigor e outro no 2019 que é o que hai agora mesmo. Na Área Económica, ademais dos orzamentos, produciuse bastantes melloras, no sentido de que este ano Fene ten unha débeda cero porque o alcalde, Gumersindo Galego pagou toda a débeda bancaria, o que fai que as contas estean saneadas e que se poidan facer novas inversións. Tamén este ano os veciños van pagar menos do catastro, que baixouse do 0,64 ao 0,60, tamén hai bonificacións este ano para as familias, baixouse as taxas do cemiterio ou da rodaxe. Falouse da nula dación de conta dos expedientes extraxudiciais e di, neste caso, que a transparencia é absoluta, tramítase e concédese todos os documentos que os partidos políticos solicitan e todos os meses todas as formacións políticas da oposición teñen a súa disposición unha listaxe coas facturas, cada dúas ou tres semanas chéganlles as Xuntas de Goberno Local onde se aproban as facturas e isto non se produzo nunca. A maiores, o outro día na Comisión de Facenda se lles deu conta que todos aqueles concelleiros interesados van ter un usuario e contrasinal para acceder á toda a facturación que entre no Concello. O goberno está formado por seis concelleiros e cando se piden facturas ou documentación ao mellor pénsase que a quen se incordia é ao goberno pero a quen se lle incordia é aos traballadores, a Lei ampara a todos os concelleiros para obter a documentación dos distintos servizos e áreas, e nese sentido a Lei é clara e o goberno a cumpre, pero tamén está claro que hai unha serie de traballadores e traballadoras que teñen que preparar eses expedientes e son bastante dilixentes, polo cal a transparencia é absoluta. Falouse da vixilancia e fiscalización dos recursos municipais, tanto materiais como humanos, do que pensa que se cumpre, ao mellor non con toda a dilixencia que se debería, pero si mellorando cada día. Falouse no punto 2 do cumprimento dos acordos do Pleno e di que o Pleno é o que é, falouse de mocións de asuntos que non son competencias municipais, así a Moción sobre a política do goberno galego en relación co comezo do curso escolar di que todos saben que en Galicia goberna o partido Popular e en Fene tamén, pero de aí as competencias que ten o Concello son os que son. Non obstante, a pesar de que a moción e lle achegou ao presidente da Xunta de Galicia como é debido, o goberno, dende que tomou posesión en maio de 2018, a nivel escolar non puido facer todo pero fará un relato. No centro de Centeiras, ademais da cubrición da pista e a mellora das gradas, adaptouse os baños dos máis pequenos e limpáronse os canlóns. No Ramo ampliouse o se comedor segundo a petición que se fixo ao final do curso escolar pois cada vez ten máis nenos, tamén se fixeron obras de accesibilidade. No CEIP San Valentín arranxouse a fachada. Nos Casais restituíuse a caldeira. No colexio unitario de Sillobre fíxose a súa reparación integral xunto coa obra do parque que está a comezar estes días. Todo isto sen ter en conta o mantemento diario que se fai en todos os centros ademais da colocación dos porteiros automáticos, ampliando o do centro de San Valentín ou do Ramo. Respecto do subministro de auga pública en Magalofes dille que está no Concello dende 2007 hai temas que son reiterativos e repetitivos por desgraza, un deles é este. Todos coinciden en que é lamentable que en 2019 haxa unha parroquia que non teña auga potable pero, o único alcalde, e xa pasaron todos por

aquí, que fixo algo polo auga de Magalofes foi o actual alcalde. O actual alcalde conseguiu mercar o terreo, atender as peticións da veciña afectada que se ofreceu a facer unha doazón para proceder á ter auga. A moción falou do centro de especialidades de Fene e Maniños e dos equipos médicos que faltan, o que enlaza coa Moción sobre a falta de profesorado que presta atención no CEIP O Ramo di que a intención do alcalde sempre foi separar o que é o seu cargo como alcalde do cargo como representante do partido político e sempre estivo do lado dos veciños e do afectado. Entre o público pode falar alguén sobre o tema da Cofraría de Barallobre cando gobernaba o PP, igual que governa agora, e non lle doe prendas en comprarlle a todos os afectados, o que pensa que lle agradeceron moito. No tema dos médicos o alcalde sempre estivo aí, foi á xerencia, tivo unha reunión, levou a todos os voceiros e se máis puidera facer máis faría, igual que co tema do profesorado. Respecto do tema do xabaril todos saben que é unha praga pero pregúntase que competencias ten o alcalde ao respecto?. Dille á voceira do grupo municipal Socialista que os seus compañeiros lembrarán que na zona de Navantía había unha praga de xabarís, na lexislatura 2011-2015, e o alcalde formulou unhas medidas que foron moi criticadas pola oposición daquela, dicíase que se ía contra a natureza, contra os animais, que era unha especie en extinción e demais; con isto quere dicir que este alcalde fai todo o que poida e máis, e o ten demostrado. Falouse de falta de transparencia para exercer a labor de control e fiscalización dos grupos municipais da oposición, falouse do orzamento do 2019 e que non se presentou o borrador de 2020 o que di que é evidente, pero que aínda está a tempo. Non considera que exista nin unha ausencia de respostas a peticións de información nos Plenos, díxose que non se contesta nin a unha soa pregunta ao que responde que lle gustaría que estivese presente algún dos funcionarios que pasan estas actas, as veces interminables, pero hoxe, logo do acordo que presenta o goberno no último punto verase emendado. Falouse tamén das deficiencias da piscina e contéstalle que estase traballando, que hai un problema co ascensor que se vai reparar. Este goberno en novembro de 2014 acadou unha subvención da Deputación da Coruña para a piscina municipal e se cambiou todo coas obras que se fixeron no 2015. Igual que estaba a piscina, estaba o pavillón de San Valentín ou a Casa da Cultura que estaban sen tocar. O actual alcalde recuperou a pista de atletismo de Barallobre que estaba abandonada e que agora usa o club de atletismo que estaba abandonado e logo para o uso de todos. Respecto das prazas de emprego di que é certo que o goberno non sacou máis que a de motobombas e contraincendios pero o goberno usou todas as que había e, aínda que agora non pode dicir cantas están sendo cubertas, pero alí onde se puido cubrir con interinos se cubriu. Respecto dos proxectos, e aproveita para contestarlle tamén ao voceiro do grupo municipal do BNG e a voceira do grupo Mixto municipal que fixo mención a isto, que falta o primeiro día dende 2007 que o goberno lle dese traslado á oposición, con tempo suficiente, para que puideran presentar suxestións para encargar proxectos. Houbo reunións en setembro, falouse varias veces e nunca nada se propuxo e o 4 de novembro na Xunta de Voceiros se manifestou que habería que cambiar o que sería a accesibilidade do baño, algo co que coinciden todos e agradecen a achega do partido Socialista así como as fiestras do Concello, tamén se pide o que sexa licitada a elaboración do proxecto, algo co que non están en desacordo pero entende que o POS debe estar aprobado antes do 16 de decembro. Quere dicir que neste sentido, máis transparencia e máis accesibilidade a todos e cada un dos proxectos non se pode ter. O alcalde na súa primeira intervención o deixou bastante claro e dille a todos que o que estea libre de pecado que tire a primeira pedra. Aos veciños de Fene non lle preocupa a vida privada do alcalde, aos veciños de Magalofes preocupalles ter auga, entre outras cousas. Neste tempo se reforzou o firme do camiño da Ribeira, do Piqueiro e da Brea en Maniños, se fixeron obras en Centieiras, se creou o punto de encontro na escola da Galiña Azul, se asfaltou o camiño de Sillobre a Buio, o Penedo en Barallobre, comezouse co acondicionamento do parque da Hortiña en Limodre, para continuar co da praza Verde en Perlío, estes días anunciou a construción dun parque de accesibilidade 100% en San Valentín, comezouse as obras do parque e da pista de Fonte do Campo, comezou hoxe a construción dun parque de infancia que en maio de 2015, investimento que con unha subvención do concelleiro de Promoción Económica que necesitaba unha parte de crédito municipal que foi votado en contra, é dicir, un parque que podería estar construído hai catro anos e que hoxe se comeza. Tamén se asfaltou o camiño Piñeiro Manso en Maniños, houbo melloras no CEIP de Sillobre, pavimentouse a rúa do Pachuzo e o camiño do Castro en Fene. A iluminación, ademais dos puntos de luz que se cambian e se introducen novos puntos que supoñen a mellora da eficiencia e un aforro para o Concello se mellorou a iluminación e a seguridade vial da avenida Naturais, Conces ou Marqués de Figueroa. Tamén se mellorou a iluminación no polígono de Vilar do Colo. Fíxose a rede de saneamento en A Torre, ampliouse o cemiterio de Barallobre, fíxose a rede de saneamento nas Picas, a mellora dos Bloques de San Valentín e a obra das Chousas. Fíxéronse os camiños do Regueiro, a pavimentación de Magalofes, comezando por Lubián e o camiño da Lomba. Todo isto é o que lle importa aos veciños, xunto coa seguridade e os mantementos e ter un alcalde que sempre está aquí para atender a todos e cada un deles e repite que o que estea libre de pecado que tire a primeira pedra. A conduta do alcalde como tal é intachable e non hai nin un dos dezasete concelleiros aquí

que como alcalde lle poida dicir algo, non lles gustará a xestión, así é evidente que non lle pode gustar ao BNG e a EU aínda que fixera o que lle pediran nunca lle gustaría. O alcalde é intachable como profesional e como alcalde.

Prosegue a súa intervención a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di, respecto da Moción do BNG, que lle di ao seu voceiro que fixo alusións a unha serie de cousas e pensa que está moi equivocado pero entende que está no seu papel e o ten que facer. Di que falou dunha xestión económica errática, pero tendo en conta que el non só foi alcalde senón tamén concelleiro de Facenda durante tres anos, dille que como tal non foi quen de presentar un orzamento, tiña unha maioría absoluta de nove concelleiros, incluso de dez porque había unha concelleira que non estaba no goberno pero sabía que o apoiaba, e quedou plantado e sen noiva, presentou uns orzamentos como unha moción urxente, sen consensuar, non foi quen de consensuar dentro do seu goberno uns orzamentos e aínda vén aquí dar leccións. Existe un orzamento neste Concello que é o documento máis importante para funcionar dende xaneiro de 2019, que é a primeira vez dende hai moitos anos, dende aquelas maiorías absolutas do BNG que se ten orzamento a comezos de ano. Si é certo, como en todas as casas, que cando se fai un orzamento a finais do 2018 hai que facer modificacións e para iso as prevé a Lei. Dille ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que el, sen ter orzamentos porque os tiña prorrogados os levou ao Pleno e o partido Popular xamais llos votou en contra, porque o seu grupo, aínda que estivese en contra da súa xestión, de onde gastaba os cartos e demais, entendía que hai unha serie de provedores e que os subministrados e obras estaban máis que xustificadas, neste sentido este partido, encabezado por Gumersindo Galego cando estaba na oposición votou sempre a favor. Outra cousa é a intervención, algo propio da oposición, algo que salientou a voceira de EU ao que lle conteste que claro que o dicían, pero logo facilitaron a saída para que a xente que facía obras ou prestaba subministrados puidese cobrar, algo que non se pode o mesmo dela, que se caracterizou por votar en contra para sempre. É certo que existen os cartos pero non ten que ir á caixa porque neste ano teñen en activos e valores 5.581.214,53 euros, 70.000,00 euros máis que no 2017 cando gobernaba o BNG. Con isto quere dicir que os cartos os teñen consignados e non teñen que ir ao banco por eles, non ten que usar do que hai nas contas e a Lei o permite; o único que se precisa son uns votos favorables do goberno coas abstencións dos grupos da oposición, algo que non son quen de facer. Falouse do plan de urbanismo e gustaríalle lembrarlle que a Lei do Solo entrou en vigor no 2016 e o BNG non fixo nada de nada ao respecto, había un compromiso de ter paralizado o PXOM mentres non entrase en vigor esa Lei, que é o que lle pasa ao actual, aprobouse pese á entrada en vigor a Lei do 2002 e seguise adiante coa redacción do 1998 e para non facer iso estase no 2016. A día de hoxe, o concelleiro de Facenda liquidou ese contrato, pagou o suplemento e retomou todas e cada unha das actuacións. A Moción falou de dignidade e de moralidade e dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que que el fale de todas estas cousas, que dea leccións de moral... Entende que pode vir aquí e votar un "rapapolvos", o pode entender porque está na oposición, pero hai un límite "consejos vendo que para min non tengo" e iso é o que non se pode facer. Dille que falou que non é un asunto administrativo que é penal pero é certo que vostede, ata en catro ocasións, o Tribunal Superior de Xustiza lle dixo que estaba vulnerando os dereitos fundamentais de dous concelleiros desta Corporación, dous concelleiros que non lle gustaban nada e por iso vulnerou os seus dereitos e pasounos a non adscritos; a primeira sentenza díxolle que os concelleiros se tiñan que incorporar ao seu grupo e vostede, para que non puideran presentarlle unha moción de censura, aferrándose ao cargo co que se imaxina que frustrou aquel debate dunha moción de censura que logo tardou en chegar, exactamente cinco meses, que foi os que aguantou agarrado pese a que caían e caían as sentenzas que lle dicían que se equivocaba, pois eran concelleiros do grupo Somos Fene. Dille que é o primeiro concelleiro ao que se lle propuxo a incompatibilidade na acta aprobada na sesión ordinaria deste Pleno do 6 de marzo de 2014, sesión que se realizou o 9 de xaneiro de 2014 que incluía como punto da orde do día a aprobación, se procede, da proposta da alcaldía sobre a incompatibilidade do concelleiro Juventino José Trigo Rey. Resulta que ten unha empresa da que é administrador e dende ela levaba pólizas de seguros do Concello, entón a secretaria e a interventora emitiron un informe no que din, resumidamente, que sendo concelleiro non se pode ter contratos coa Administración co que vostede cobraba as primas. Vostede non se puxo colorado, non é cuestión de comparar, pero si é cuestión de ter un pouco de sentido, xa que vostede consentiu, como alcalde, moitas cousas no seu goberno, cousas bastante máis graves e ao mellor no mesmo capítulo penal do seu equipo de goberno, do que tampouco deu conta na Xunta de Goberno; ao mellor o seu grupo, (PP), eran coñecedores e viñan as eleccións e calaron a boca porque era a vida privada dunha persoa. Neste sentido rógalle ao voceiro do grupo municipal do BNG que non pida nada, porque ao mellor tíñase que ir primeiro el por consentidor e coñecedor de algo que ninguén lle pediu explicación nin vostede as deu, e fixo mutis polo foro, por iso, rógalle que non veña pedindo explicacións a un señor alcalde que como alcalde, como persoa e como político, non ten tacha ningunha. Dille que non intenten as

súas ansias de poder para volver ostentar a alcaldía baixo prexuízos escuros baseados nunha actuación, que dende logo non é aplaudible, pode ser que reprobable pero non obxecto de dimisión. Remata dando o apoio unánime de todo o grupo Popular para o seu alcalde.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que unha vez máis a voceira do grupo municipal do PP falou de todo menos do asunto do debate e como sempre, minte. Como exemplo da súa dilixencia e da información que rapidamente trasladan aos grupos da oposición ofrece un único exemplo, un compañeiro seu pediu en agosto de 2018 unha e mil veces, aínda se lle pediu ao goberno no último Pleno, as analíticas da auga de Fonte do Campo, porque dise que a auga vale e sábese que non é así. O alcalde díxolle persoalmente no último e penúltimo Pleno que pensou que xa dispoñían delas e que lles serían entregadas. O orzamento e a xestión económica, sobre todo de 2019, é un auténtico caos, algo que ocorreu en todas as áreas e relata a Festa Mariñeira, Deporte na Rúa, campamentos de verán, actividades que se realizan todos os anos dende hai moitos anos que non estaban consignados correctamente nos orzamentos, non tiñan os cartos polo que pregunta onde se meteron?. O orzamento fíxose cunha maioría absoluta. Todos poden facer cousas mal pero non se pode presumir de algo que foi un auténtico caos. Móstralle ao alcalde unha solicitude que tivo entrada no rexistro que contén obras propostas polo BNG cun planning que tivo entrada no rexistro o 28 de novembro de 2018, por iso non pode lle pode dicir que non aportan nada a obras. Pasa igual co POS 2018, aprobado en decembro de 2017, hai un POS complementario que ten as obras sen facer e hai proxectos feitos. É triste que o alcalde non saiba isto. Por todo isto fala de caos e desorganización. Todas estas obras que están sen facer teñen proxectos e autorizacións, por iso, antes de seguir facendo cousas fagan o que o PP lle esixiu daquela ao BNG cando gobernaba nun Pleno. A voceira do grupo municipal do PP, preocupouse moito dos dereitos fundamentais de persoas quen non quere definir como corruptos, pero o PP sempre se preocupa dos dereitos fundamentais dos corruptos e non se preocupan tanto dos dereitos dos traballadores deste Concello. Acoso, persecución, decisións arbitrarias con custes de miles de euros para o Concello, ocultación do roubo material que o propio alcalde, ao ditar a Resolución da alcaldía, se encargou de que no se seguise investigando. Hai sentenzas firmes que condenan a este Concello por saltarse ao Pleno, como a comisión de servizo dun Policía Local. O actual goberno presume unha e outra vez de débeda cero e iso se puido facer porque no 2016 e 2017 en Fene houbo un Plan económico financeiro do goberno anterior que se cumpriu a raxataboa, para que despois se puidera ter o Concello perfectamente saneado. Cando o BNG chegou ao goberno no 2015, o PP ocultou aos veciños e a oposición que había dous requirimentos do 23 de xullo de 2014 e outro do 2015 da Consellería de Facenda que esixían ao Concello de Fene que, de xeito inmediato formulase un plan económico financeiro que permita no curso seguinte cumprir os obxectivos e que o PP incumpriu de xeito reiterado e que os que chegaron despois tiveron que cumprir. Estábase a punto de ser intervidos pola Xunta igual que o foron outros Concellos, os que aínda dicían o ano pasado que estaban sendo analizados con lupa por parte da Consellería e do Ministerio. O Concello de Fene puido estar aí pero non o estivo porque o seu goberno do 2016 e 2017 foi suficientemente responsable para cumprir o plan económico financeiro, incluso cuns orzamentos prorrogados. Por iso di que que non sabe que dicirlles cando o actual goberno intenta colgarse medallas. Unha demostración máis da nefasta xestión que tiveron foi cando se falou dos recibos dos seguros, esa débeda era do 2010 e 2011, cando el aínda non era concelleiro. Isto demostra unha vez máis que foron tan incompetentes que no 2013 aínda estaban sen pagar os recibos do seguro do 2010 e 2011, algo que tivo consecuencias para os traballadores e traballadoras. Espera que non o fixeran a propósito para poder dicir no 2013 que houbo un señor (por el) que había un concelleiro que levaba as pólizas do seguro porque sería "torticero", espera que só fose que a xestión era nefasta, como o é agora. Hoxe en día seguen a pagar facturas sen xustificación, que non se poden pagar, como as presentadas o outro día e que agora non traen ao Pleno, porque saben o que supón xa que en Fene non se pode cortar 200 quilómetros rozando camiños, porque non os hai, ou porque rózanse as estradas que corresponden á Deputación e as paga o Concello, por iso pregúntalle ao goberno que clase de xestión está a facer?. Non se está falando do que contén esta moción. A vida privada é privada e ninguén se vai meter nela, pero cando un accede a un cargo tan importante como é unha alcaldía hai que entender que en determinadas ocasións hai dimitir. É así de sinxelo e non pasa nada, é máis importante para a institución e incluso ás veces para as persoas. Non querer deixar o cargo baixo ningún concepto pensa que persoalmente nin sequera debe ser de agrado. Di que mantén a Moción porque está seguro que é de xustiza o que se pide nela.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que se atopa sorprendida porque é a primeira vez que o goberno fóra tan ben e dese tantas explicacións. Di que lle encanta, que oxalá isto pasase en todos os plenos da lexislatura. Dille á voceira do grupo municipal do PP que foi punto por punto repasando a súa Moción, pero quizás fose

o momento de preguntarlle todo o que quedou sen resposta. Di que están na oposición pero están a facer o mellor, ao seu entender, para os veciños e veciñas de Fene. Falou de que non se perderon subvencións e preguntalle se é certo ou non que se perderon, alo menos, catro subvencións?. Estas catro subvencións perdidas contáronse tanto nas comisións e no Pleno, preguntaron o por que da súa perda e aínda hoxe non se lle contestou. É certo que o goberno está facendo moitos arranxos dos camiños, pero lembra que no Pleno anterior o alcalde mandoulle calar porque o que estaba a dicir respecto os rebacheos non lle importaba a ninguén, díxolle que se quería falar tanto presentase unha moción, pero a sorpresa é que a convocatoria do Pleno de hoxe non ten a aprobación da acta do Pleno anterior, que tampouco sabe o por que, semella que non viñeron ao Pleno anterior porque a consecuencia non se reflexou este mes. Ademais disto, mandoulle calar cando lle pediu explicacións dos rebacheos feitos no Concello, gastáronse 47.000 euros e están mal feitos e que non están en condicións. Fixo fotos que presentou no Rexistro e aínda está a esperar que lle conteste se tiñan razón ou non. No Pleno pasado tróuxose un informe, que non di nada, que intentou ler e non se lle deixou acabar porque non era de interese de ninguén. Respecto do parque da Hortiña fixeron un vídeo que está colgado do resultado desa gran inversión. Dende que comezou esta lexislatura fixeron un seguimento das obras que fixo o Concello, obras polas que preguntou nas Comisións ao respecto, e todas esas preguntas están sen contestar. Hoxe ten unha resposta do concelleiro de Servizos a unha pregunta feita na Comisión. É a segunda resposta de toda a lexislatura. Respecto da Moción do grupo Socialista sobre o Plan de Magalofes tratouse no Pleno e estanse a facer trámites pero levan sen ter a reunión dous meses. Facer a documentación dun terreo tarda moito e iniciar o proxecto tarda moito, pero todo iso non será por culpa da oposición senón pola falta de planificación do goberno. Respecto das mocións que presenta o seu grupo, das que se dixo que nada tiñan que ver co goberno municipal, parece ser que fixeron xestións pero non lle fixeron chegar ningunha das súas xestións e tampouco sabe se lle deron algunha explicación aos demais compañeiros respecto das mocións que se trataron dende o comezo da lexislatura. Respecto da xestión parécelle triste que cada vez que a oposición protesta se saque a relucir e poña diante aos traballadores do Concello antes que a xestión municipal, sempre amosa un papeliño e di que ten a sinatura dun traballador. Di que o goberno ten que asumir a súa xestión. Como se dixo anteriormente hai unhas facturas que debían vir hoxe ao Pleno, tampouco se sabe porque non veñen hoxe, seguramente porque sabían o que ía pasar e as retiraron e non figuran na orde do día. Esas facturas están sen pagar e tamén dixo que había un capital de cinco millóns polo que non sabe porque se quere facer unha modificación de crédito de 251.000 euros. Non entende porque se hai cartos non se paga. Presentou ese expediente porque precisase unha modificación de crédito o que significa que non se fixo ben a planificación, entón non se pode vir aquí dicir que se fixeron moitas cousas pero as cousas están sen pagar, porque o expediente non estaba formado. Falou de que hai cousas da piscina que están sen facer pero non lle dixo á xente de Fene o por que de que eses servizos leven tempo estropeados. Di que en todos os contratos negociados as garantías das obras pásanse polo forro, non importa se está en garantía ou non, dá igual, por iso di que planificación ningunha, resultado ningún, seguimento das obras ningún, xestións ningunha, preguntas ningunha, transparencia a que quere, dille á voceira do grupo municipal do PP. Dille que hoxe compórtase, fala baixo, educadamente e non insulta como o fai a maioría dos Plenos, a ela primeiramente, así no Pleno anterior díxolle que era tontita, porque chegou hoxe, porque non ten experiencia ou é nova. Hoxe fala baixo e pide respecto e dille que ela a respectou sempre. Dille que foi punto por punto para dicir que a Moción non está xustificada e si que o está, punto por punto. Falou das bolsas de emprego, dos expedientes de promoción pero onte entregouse o fiel reflexo do que lle interesa a vostede os traballadores do Concello, interésalle pouco o de dentro e pouco o de fóra, só lle interesa cando a vostede lle interesa porque lle interesa, e dille que non lle vai dar máis explicacións porque sabe do que lle está falando. Ten tanta soberbia que permítese o luxo de dicir quen vai cobrar e quen non. Tendo en conta todo iso, en lugar de vir aquí e dicir que todo isto si que o fixo preguntese se está a contar a verdade ou está mentindo?, porque nin os bos son tan bos nin os malos son tan malos, porque ao final dá moitas leccións pero o traballo está sen facer. Non hai ningunha transparencia e rógalle que revise a web dos cidadáns de Fene e que diga se os contidos están actualizados ou non e se lle dá toda a transparencia que lle ten que dar aos veciños e veciñas de Fene. Falou de camiños, non tiña que facer un, tiña que facer vinte porque está gobernando, tiña que xestionar isto cos recursos que hai na casa, non fai falta ir fóra contratar algo que xa ten na casa, así hoxe á mañá queixáronse os traballadores de falta de apoio, de seguimento e acoso. Dille á voceira do grupo municipal do PP que todo o que pon a súa Moción non é mentira, todo é verdade e iso é así porque o seu goberno fai unha mala xestión, tanto dos medios materiais, económicos como dos humanos e non lles importa o ben dos veciños e veciñas de Fene, só lles importa o ben do seu. Respecto da xestión do goberno queda reflexada no compromiso adquirido na outra Moción que presentou o seu grupo, pois tratouse dunha Moción repetida pola falta de compromiso. O que pasa é que a antena de Magalofes non é tan importante como un rebacheo que non serve para nada porque aos dous días de telo feito estaba levantado, que o goberno tivo a

indecencia de dicir que estaba ben feito e de tramitar a factura. Que falta de control ou xestión está a facer o partido Popular?, e pregunta se hai algo de mentira na súa Moción?, e preguntalle á voceira do grupo municipal do PP se algo do que contou ten algo que ver co que está recollido na Moción?. Pensa que non, entende que o que fai sempre é xustificar cada unha das cousas que a oposición di, dille que ten a posibilidade de facelo cando queira pero rógalle que tamén o faga noutros plenos onde non haxa tanta xente, traia tantos papeis como trouxo hoxe aos demais plenos e xustifique e conteste no Pleno.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a voceira do grupo municipal do BNG, Rocío Aurora Bértoa Puente, dixo que cando ela pedía documentación a pedía pensando que incordiaba ao goberno, sen ser conscientes que a quen incordian é aos funcionarios e funcionarias, pero oposición si que é consciente que disto, pero piden a documentación á que teñen dereito, a mesma documentación que pedía o actual goberno cando estaba na oposición, e ela cando gobernaba, dende EU, sempre lle achegou en tempo e forma, cousa que o PP non fixo, así lembra que EU esperou oito meses por facturas na etapa anterior do seu goberno e o actual alcalde, do que dixo que é o máis profesional, deixouna plantada no despacho da alcaldía a berros preguntándolle que esperaba encontrar nas facturas e que se as quería que as pedira polo xulgado, pois así tardaría dous anos en darllas. No tema médico, que tanto se lle enche a boca dicindo que o PP solucionou, lémbrolla que as mocións que se presentaron cando o centro de saúde tiña problemas e convocaron concentracións, ás que ninguén do PP apareceu, lembra que non votaron a favor destas mocións e pedíronlle ao alcalde que xestionase esa reunión que por fin tiveron, solucionouse logo de oito meses, pediuse en xaneiro, preguntouse todos os plenos e a xuntanza foi o 8 de outubro. Durante este tempo o alcalde Gumersindo Galego contestou todos eses meses que aínda non lle chamaran. Respecto do POS di que o seu grupo tamén lle presentou a quen lle competía en cada momento as solicitudes de proxectos con tempo, pero o que sucedía é que daquela contestábaselle que non se ían reunir se non acudía César, por iso non había Xuntas de Voceiros, nin nada de nada. Por iso aqueles concelleiros polos que a voceira do grupo municipal do PP dixo que tiña tanto respecto, os que dixo que non lle gustaban a Juventino Trigo, di que non lle gustan a el nin a ninguén. Estes concelleiros eran os tontos útiles do partido Popular e EU pediu a súa dimisión no primeiro Pleno daquela lexislatura. Dixo que se abstiveron ou que non votaron a favor das modificacións de crédito, cousa que vostedes nunca fixeron, aínda que non se lembra de todas e non sabe se as votaron todas a favor, pero hai facturas que se saben que non se poden aprobar porque son inviables e hai outras que si, en concreto EU no último Pleno pediu que se separasen as que están perfectamente claras e que se trouxeran ao Pleno para que esa xente poida cobrar. Hai facturas que non se xustifican, porque como dixo Juventino Trigo, o Concello non ten tantos metros para rozar. Di que xa lle dixo en dous plenos anteriores que os veciños de Silobre fixeron unha cuadrilla de limpeza porque o Concello non limpou e engade que diante da súa casa, dende febreiro deste ano, a limpeza do camiño a fai o seu pai, que vai para 85 anos, entón non sabe que desbroces se pagan e é o mesmo en Maniños, en Limodre, en Perlío, en Magalofes, en San Marcos e demais. Non lle fai gracia que limpen os veciños e que o goberno lle pague a unha empresa que non saben o que limpa nin onde, así pasa cunha factura de desbroces varios de 8000 euros. Di que a oposición ten dereito a saber onde. Respecto da transparencia que presume a voceira do grupo municipal do PP di que o parque que falou antes de accesibilidade souberon del pola prensa, os últimos orzamentos aprobados se lles deron un martes ou mércores, o venres se fixo a Comisión e o luns o Pleno, menos dunha semana para poder valorar os orzamentos de todo un ano do Concello porque eran nove concelleiros, pero agora non son nove e o goberno ten que contar coa oposición, non como daquela que tiña aos tontos útiles. Cando se fala de falta de traballo pon como exemplo á Comisión de Seguridade e Saúde no Traballo no que trataron temas tan importantes como o acoso aos traballadores, o accidente da motobomba, dille á voceira do grupo municipal do PP, que non levou ningún papel e votou media Comisión dicindo que se tiña que ir e hai máis xente que o pode corroborar. Así todas as cousas que sempre pregunta a oposición, rebacheos e demais, sempre di que é o traballo do día a día do Concello, polo que preguntalle que se non dan nin información, que é o que fai o goberno aquí?. Se hai que presumir do traballo que se supón ten que facer o grupo de goberno apaga e vámonos. Tamén é certo o que dixo a voceira do grupo municipal Socialista respecto aos insultos e falta de respecto. Di que a súa intervención de hoxe é na mesma liña de sempre, non está máis para arriba ou para abaixo segundo haxa xente ou non, e dille á voceira do grupo municipal do PP, que as súas faltas de respecto, comezando por ela, que é a concelleira que máis faltas de respecto lle leva aguantado porque chegou a dicirlle, non hai moito, que dos dezasete que había aquí, non había ninguén tan desastrosa como ela. Así Pleno tras Pleno, menos hoxe que hai público, lle ten que dicir que por favor non lle falte ao respecto e iso sucede con ela mesma e co resto de voceiros dos grupos da oposición, xa que vai no seu ADN a falta de respecto. Dille ao alcalde que lle parece ben que cando vén xente ao Pleno dos partidos da oposición e interrompe os chame á

orde, como ocorreu a última vez que alguén do público falou a favor da oposición que se lle calificou de hooligans e se non foi o alcalde foi alguén dos seus compañeiros de goberno.

A continuación intervén o alcalde que di que esa palabra non saíu da súa boca, nin a escoitou no Pleno nin está recollida en acta.

Prosegue a súa intervención a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que dille ao alcalde que pregunte quen foi, pois daquela había un goberno de nove concelleiros, e el era o que tiña que moderar. Se alguén do seu partido ou de quen goberna con vostedes comeza a insultar á xente chamándolle hooligans, vostede os ten que moderar e rógalle que o faga con todo o mundo.

De seguido intervén o alcalde que di que adoita facelo con todo o mundo e, precisamente o vai facer agora coa voceira do grupo Mixto municipal porque está dicindo que a insultaron por chamarlle desastrosa, ou que fixera unha xestión desastrosa e vostede chamoulles a uns concelleiros que estiveron aquí tontos útiles, iso pode facelo vostede pero o resto non pode.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértora Puente, que pensa que xa está todo dito por parte do seu partido pero quere facer referencia ao que acaba de dicir o alcalde respecto da referencia aos concelleiros César Castro e Rodríguez Bastida aos que a voceira do grupo Mixto municipal chámalles tontos útiles, pero fixeron alcalde ao señor Juventino Trigo. Este alcalde, cando formou coalición con estes dous señores, que desgrazadamente non saíron concelleiros porque realmente a harmonía no goberno foi absoluta aínda que lle moleste. Dille que con este exemplo de chamarlles tontos útiles cada un queda retratado do que se pode controlar coa lingua ou non, aí demóstrase o respecto que había ao resto de compañeiros. Prosegue a dicir que dá por reiterada a súa primeira intervención, non vai debater máis e repite todas e cada unha das súas manifestacións.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que no Pleno do 1 de decembro de 2016 tróuxose unha Moción do PP para reprobar ao alcalde de Fene e concelleiro de Facenda daquela pola perda da subvención de medio ambiente da Deputación do 2016. Non vai ler todas as lindezas que daquela o voceiro do grupo municipal do PP lle dixo a el, como alcalde, pero lembra que pedía a súa dimisión inmediata entre outras cousas, e dicía que a inconsciencia foi tal que se o seu grupo gobernase (polo PP), se o último día ás 12 horas comprobouse que a plataforma non funcionase collería a documentación, marcharía para a Deputación, presentaríaa no rexistro aínda sabendo que fóra ilegal... Todo isto e máis foron palabras súas pola perda dunha subvención e dille ao alcalde que agora hai tres, triplica as subvencións perdidas. Se antes consideraba que por perder unha subvención el debía dimitir, por tres que debía facer el.

Sometido a votación o punto 2 da orde do día foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo do BNG, 4 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 6 en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Reprobar serveramente a xestión do Equipo de Goberno Local para reconducir sen máis demora a actual situación que sofre a corporación municipal e o municipio.

2. Esixir ao equipo de goberno a adopción das medidas necesarias para cumprir coas súas obrigacións, corrixindo inmediatamente as deficiencias listadas.

3. Corrixir os procedementos para a execución da contratación que se están a desenvolver e realización de procedementos e instrucións internas para a súa realización.

4. Dimisión do Alcalde do Concello de Fene, pola súa condena, relacionada por un delito sobre a seguridade viaria e pola súa pasividade e inoperancia nas diferentes áreas de Goberno. A dimisión do Alcalde do Concello de Fene e unha obriga cívica, como consecuencia da necesaria asunción de responsabilidades.

5. Que se publique na Web municipal esta moción de reprobación.

Sometido o punto 4.1 da orde do día a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo do BNG, 4 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 6 en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Reprobar a xestión deficiente e negligente do goberno municipal encabezado polo alcalde Gumersindo Galego Feal en relación ás materias de facenda, promoción económica, servizos e benestar social con perdas de subvencións, incumprimentos de acordos plenarios, omisión da legalidade en materia de contratación e de persoal entre outros.

2.- Esixir do Alcalde Gumersindo Galego Feal a inmediata dimisión pola súa condena por un delito contra a seguridade viaria, e a súa actitude, moi distante do que se agarda da persoa que ostenta a alcaldía.

3.- Dar conta deste acordo á dirección política do PPdeG nomeadamente ao seu Presidente Alberto Nuñez Feixoo e o seu Secretario Xeral Miguel Ángel Tellado.

4.2 Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de incorporacións de arquivos audiovisuais ás actas das sesións dos órganos colexiados de goberno

A continuación fai uso da palabra o alcalde que xustifica a urxencia da Proposta para que a partir do 1 de xaneiro do vindeiro ano xa se poidan gravar os Plenos.

O alcalde presenta a seguinte moción, que é incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a súa urxencia por unanimidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O artigo 52 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, confire aos libros de actas que regula a consideración de instrumento público solemne, actas que deben ter o contido mínimo previsto no artigo 50 deste texto refundido; ambos preceptos teñen carácter básico conforme o indicado na disposición derradeira sétima, número 1, letra a) do texto refundido. Aos libros de actas refírese tamén o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, cuxa aplicación é supletoria ao non ter carácter básico, tal e como ten manifestado o Tribunal Constitucional nas sentenzas 214/1989, do 21 de decembro, e 210/2014, do 18 de decembro.

Tanto a Lei 39/2015, do 1 de outubro, como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, xeneralizan o emprego de medios electrónicos. Concretamente, no que atinxe ás relacións ad extra, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, incorpora o uso xeneralizado e obrigatorio de medios electrónicos tanto respecto dos documentos e actos administrativos en xeral (artigos 26.1 e 36.1) como en relación coas diferentes fases do procedemento administrativo (neste sentido poden citarse os artigos 71.1, 75.1, 80.2 e 88.4), e establece, así mesmo, no seu artigo 70.2, o formato electrónico dos expedientes administrativos. E, respecto das relacións ad intra, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, alude na súa exposición de motivos a que tamén neste eido a utilización dos medios electrónicos debe ser o habitual, e prevé, de xeito máis concreto, no seu artigo 46.1, que todos os documentos empregados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos, salvo cando non sexa posible. Ademais, ambas as leis recollen, respectivamente, nas súas disposicións derradeiras quinta e décimo sétima, un mandato de adaptación normativa á regulación nelas contida.

A Lei 40/2015 ao regular os órganos colexiados das distintas administracións públicas recolle a posibilidade de grabación das súas sesións, de forma que o ficheiro resultante da grabación, xunto coa certificación expedida polo titular da súa secretaría da autenticidade e integridade deste, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións, se ben debe terse en conta que esta previsión non resulta de aplicación aos órganos colexiados de goberno das entidades locais ao así dispoñelo a DA 21ª deste texto legal.

Sen embargo, esta mesma regulamentación foi habilitada para os órganos de goberno das entidades locais polo Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas (DOG de 1/03/2018), o cal establece no seu artigo 2.4 que:

“Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.”

Por outra banda, no apartado 2º do mesmo artigo 2 citado Decreto 24/2018 obriga a estender as actas dos órganos colexiados de goberno en soporte electrónico incorporando ou non o arquivo audiovisual das sesións.

O RD 128/2018, do 16 de marzo, sobre o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (BOE de 17/03/2018), establece no seu artigo 3.2d) que as actas das sesións dos órganos colexiados transcribíranse polo secretario no libro de actas calquera que sexa o soporte ou formato, en papel ou electrónico. Cando o soporte sexa electrónico redactarase extracto en papel cos seguintes datos: lugar, data e hora da sesión, carácter ordinario ou extraordinario, asistentes, contido dos acordos e sentido dos votos, e opinión sintetizadas das deliberacións.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar a incorporación de arquivos audiovisuais ás actas das sesións dos órganos colexiados de goberno deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do Decreto autonómico 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, tendo en conta as obrigas de emprego de medios electrónicos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nestes casos, unha vez implantado o sistema de grabación audiovisual, os ficheiros resultantes das gravacións, xunto coa certificación expedida pola secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta electrónica da sesión, sen necesidade de facer constar na acta as deliberacións dos concelleiros/as, sen prexuízo do extracto en papel cos datos do artigo 3.2 d) do RD 128/2018.

SEGUNDO.-Publicar este acordo no BOP.

Asinado dixitalmente polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.”

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que volve pasar algo do que se están a queixar unha e outra vez, tráese este asunto por urxencia, sen poder facer ningún tipo de consulta, nun tema que o goberno pensa que sabe que todos están de acordo, é algo que se falou xa hai moito tempo, pero este asunto non se falou na Comisión correspondente, nin na Xunta de Voceiros e atópanse con que vén por urxencia a este Pleno, algo que o seu grupo quere. Ten dúbidas que quería consultar, hai que aprobar algunha modificación ao Regulamento municipal ou non?. Quere dicir que non lle foi posible nin sequera mirar este documento ao presentarse hoxe aquí por primeira vez, por tanto, a pesar de que é un asunto no que o goberno sabe que hai consenso, que o seu grupo e pensa que os demais o levan pedindo de xeito reiterado e estarían de acordo, pero por esta forma de presentar o asunto, pola falta de traballo, o seu grupo vaise abster para facilitar que se aprobe, para que se vexa unha vez máis o que se leva falando parte deste Pleno.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que a comezo da lexislatura o primeiro que lle pediu o seu partido foi que se gravasen os plenos. É sumamente curioso que hoxe o goberno presente esta idea e máis pretender que logo de enterarse onte. A proposta está moi ben pero debería ser humilde e dicir que no primeiro pleno pediuse que se gravase. Naquel entón semellaba que o goberno non estaba moi interesado en que se gravasen e hoxe sorpréndelle positivamente que presente esta proposta. Alégrase moito de que hoxe pida isto e que diga que saíu do seu grupo. O luns foi a Xunta de Voceiros e non se falou deste tema e debíase ter falado pero non tiña este asunto, apareceu de repente aínda que nunca é tarde.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que anuncia que se vai abster polos mesmos motivos. Di que falou co alcalde o outro día e díxolle que se tivese a deferencia coa oposición, posiblemente podería sacar moitas cousas máis adiante. Di que tamén recibiu onte esta proposta, que marchou logo das 13.00 h do Concello, e case que non houbo tempo de mirar nada. Como é algo no que todos estaban de acordo hai moito tempo absterase para facilitalo.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que é certo que o partido Socialista solicitou no primeiro Pleno da lexislatura a gravación das sesións plenarias e xa se lle notificaba que no orzamento do 2018, elaborado por o seu goberno no mes de agosto, xa se prevía a compra do aparato para a gravación e do seu mantemento. No orzamento do ano 2019, por circunstancias que non sabe, prevíase o mantemento, entendendo que xa se comprara o aparato polo que non se puido subrogar o crédito, de aí que no orzamento se poderá ver 9.000 euros consignados no Capítulo II, da partida 920, que están destinados ao mantemento da gravación pero non a inversión do Capítulo VI. A urxencia vén dada porque a finais de ano, que é cando se aproveita para mirar de que partidas se pode pagar facturas e de cales non existía unha retención de crédito no Capítulo VI que se usou para mercar o aparato en vez de esperar ao 1 de xaneiro, se os orzamentos se prorrogan, para podelo comprar. Non lle puido dicir nada o alcalde nin ningún membro do goberno antes porque quedou constancia da retención de crédito, logo de falar con secretaria e intervención, antonte. Coincide en que cando o partido Socialista solicitou a gravación xa se lle contestou que era a idea do goberno tanto no orzamento do 2018 como no do 2019. Di que tamén cambiaron as circunstancias, xa que no 2018 había que sacar un prego máis extenso, polo tema do importe económico, e agora, non sabe se foi a raíz de que este sistema o usan máis concellos, pero o custes baixaron e o orzamento que ten a secretaria, que é a encargada da licitación deste expediente, permite que non teña que tramitarse como o había que facer antes.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que de todos os xeitos, onte estiveron aquí toda a mañá e igual se puido ter falado disto cinco minutos para poder falar disto, comentar algo máis en profundidade e non facelo así. Moitas veces o diálogo é fundamental.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (6 do grupo do BNG, 4 do grupo socialista e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar a incorporación de arquivos audiovisuais ás actas das sesións dos órganos colexiados de goberno deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do Decreto autonómico 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, tendo en conta as obrigas de emprego de medios electrónicos establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nestes casos, unha vez implantado o sistema de grabación audiovisual, os ficheiros resultantes das gravacións, xunto coa certificación expedida pola secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta electrónica da sesión, sen necesidade de facer constar na acta as deliberacións dos concelleiros/as, sen prexuízo do extracto en papel cos datos do artigo 3.2 d) do RD 128/2018.

SEGUNDO.-Publicar este acordo no BOP.

5. Rogos e preguntas

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga, en relación ao dito pola voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, sobre algo que pensa que é moi negativo para a política en xeral e para a política municipal en particular,

pois dixo dúas veces que o que estea libre de culpa que tire a primeira pedra. Non sabe se o di por experiencia pero o grupo municipal do BNG, xa en previsión de que efectivamente se actuase con esta intención de repartir culpas vai, a vindeira semana porque esta non chegaron a tempo do Ministerio de Xustiza, os seus antecedentes penais conforme non teñen delitos penais e, se os teñen, o único que está procesado en algo é el, pola familia Franco, antes de ser concelleiro deste Concello. Rógalle ao partido Popular que sexan todos transparentes, que poñan as cartas boca arriba e que cada un ensine o que ten.

Contéstalle o alcalde que non hai ningún problema en facelo, e así di que o Pleno pode pedir, de xeito unánime de pedir os antecedentes penais de todo o mundo. Di que non ten inconveniente ningún.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Logo de ver o contido deste Pleno e do resultado das dúas mocións aprobadas de reprobación do goberno e petición de dimisión do alcalde, o BNG, non vai facer preguntas sobre este tema, só vai facer un rogo, rógalle ao señor Gumersindo Galego que presente a súa dimisión e, deste xeito, remate con esta situación que tanto dano lle está facendo a esta institución e á veciñanza de Fene en xeral. Pídelle que dimita porque a día de hoxe é a única saída digna e responsable que lle queda.

A voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Para deixar constancia hoxe, que hai tanta xente, para comprobar canto tempo tarda en solucionarlos, xa que cando non hai xente fan preguntas que non se contestan vai comprobar hoxe canto tempo tardan en solucionar dous rogos de veciños. O primeiro é cando se vai arranxar a iluminación da estrada da Fraga, na zona do bar Lombao e a segunda é sobre a senda peonil de Conces para saber que se vai facer?.

- Roga respecto da antena dos radio afeccionados de Radio Charlie, que se teña en conta que é a segunda vez que se trae a este Pleno e que usan os veciños de Fene e Radio Taxi. Roga que se tramite a súa licencia que vén de 2017.

- Roga que se teñan en conta todos e cada un dos puntos que constan na Moción do seu grupo. Non fai falta repetilos xa que a señora Bértoa fixo unha explicación de cada dun deles, agás do último, a petición de dimisión do alcalde de Fene pola súa condena, relacionada por un delito sobre a seguridade viaria e pola súa pasividade e inoperancia nas diferentes áreas de Goberno. Así mesmo, que se publique na web municipal esta moción e, que por unha vez na vida, xa que se leva dende xullo presentado mocións, se cumpran cada das mocións e se informe á oposición, de todas e cada unha, do que se fixo delas, que ata agora non se deu conta de ningunha delas, sexan ou non do goberno. Non se deu contestación ningunha sobre a xestión municipal do actual goberno de todas as mocións que se presentaron neste tempo. Roga encarecidamente que se contesten todas e cada unha das preguntas que se fixeron durante este tempo.

- Cal é a razón pola que hoxe non hai acta do Pleno anterior?, que pasou para que a este Pleno, como todos os Plenos que se veñen desenvolvendo dende que comezou a lexislatura por que non se trouxo a aprobar a acta do Pleno anterior?.

Contéstalle o alcalde que non se trouxo a acta do Pleno anterior porque sabe que o funcionario que está en actas leva quince días de baixa e tamén estivo vacante a secretaria por cuestións persoais. Loxicamente tan axiña estea redactada a acta virá ao Pleno. Iso non ten dúbida ningunha. Moitas veces se teñen producido retrasos nas actas como consecuencia da tramitación administrativa, non por outra cousa.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que iso responde á planificación que vén nun dos puntos da súa Moción respecto da xestión do persoal e dos medios que hai no Concello.

Contéstalle o alcalde que o goberno non pode planificar cando unha persoa vai enfermar.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Respecto da frase o que estea libre de culpa que tire a primeira pedra di que non vai nin entra en cuestións dese tipo de estar libre de pecados, non obstante repóndelle que cree o ladrón que todos son da súa condición.

- Rógalle ao señor Galego que dimita. Dillo moito máis pola falta de traballo, de xestión, pola actuación tan nefasta que está tendo o goberno que polo outro tema.

Contéstalle o alcalde que todo que dixo vostede que lle facían e pídelle que se fixe en como ao final cae, chamándolles ladróns. É unha boa fin para isto.

A voceira do grupo Mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, di que igual que a voceira do grupo municipal do PP falou dos pecados ela contesta cun refrán popular, que non acaba de inventar.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.42 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.